



NOTA INFORMATIVA relativa á RESOLUCIÓN do 26 de xuño de 2018, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura dunha lista para a incorporación de solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia do grupo V, categoría 003 (ordenanza e outras), en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

1. Titulación esixida

En relación coa titulación requirida para a inscrición na lista infórmase que todas as persoas solicitantes deberán marcar aquel apartado correspondente a titulación académica que posúan. Caso de non dispor de ningunha titulación debera marcar o apartado de **“certificado de escolaridade”**

Con independencia do anterior achegarán a fotocopia cotexada de calquera titulación que posúan, aínda que non fose á que se fai referencia no parágrafo anterior. Esta será obxecto de estudo posterior para confirmar a súa validez para a inscrición nas listas de contratación temporal.

2. Nivel de coñecementos do idioma galego

De acordo co disposto na resolución de apertura da lista, os/as candidatos/as deberán acreditar estar en posesión do Celga 2 ou equivalente debidamente validado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Con independencia da posterior comprobación e resolución por parte da Administración, as persoas que non acrediten estar en posesión do Celga 2 e teñan superada a proba de galego a que se refire a Orde do 25 de febreiro de 2016 da Consellería de Facenda (DOG número 45, do 7 de marzo), pola que se convocou un proceso selectivo para o ingreso no grupo V, categoría 003 (ordenanza e outras), de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acreditasen discapacidade intelectual, deberán marcar no proceso de inscrición na lista a casilla de estar en posesión do Celga 2.

3. Certificado de discapacidade e ditame técnico facultativo

No seu apartado segundo a resolución de apertura da lista establece que poderán anotarse na mesma todas aquelas persoas inscritas e admitidas no proceso selectivo convocado pola Orde do 25 de febreiro de 2016 que soliciten a súa inclusión na lista.

Para estes efectos a Administración determinará de oficio cales son as persoas que poden anotarse na devandita lista en función das listaxes definitivas de admitidos publicadas para dito proceso selectivo, non debendo aportar as persoas candidatas ningún certificado de discapacidade nin ditame técnico facultativo.

Santaigo de Compostela, 3 de xullo de 2018
O Director Xeral da Función Pública
José María Barreiro Díaz

